

"Aldea Buxán", novo
libro de Francisco

Páxina II

A Xunta axudará ás
empresas afectadas no
incendio en Mos

Páxina V

Mos honra á súa
subcampioa de Europa
de Campo a Través

Páxina V

A CTAG impulsa o I+D+i
do Porriño

Páxina V

IX edición de
"Corre x Salceda"

Páxina VII

Semana Santa en Tui

Páxina IX

As demandas do concello
da Guarda, en relación a
comunicación con
Camiña, son escoitadas
pola Xunta

Páxina XII

Socialistas tomiñenses
elixen nova directiva

Páxina XIII

Entrevista

Enrique Cabaleiro
Alcalde de Tui



"Coas Festas de
San Telmo 2022
queremos
recuperar a vida
nas rúas de Tui"

páxina XI

Entrevista



Lara Meneses
Presidenta da xestora do PP de Tomiño

"Queremos construír
un Tomiño para todos,
en maiúsculas"

Páxina XV



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com



Servizos técnicos forestais
e obra do rural

Azorín, 9 Estudo - 36860 PONTEAREAS
Tlef. 986 078 071

Morreu Antía Cal, precursora da escola do século XXI en Galicia

A pedagoga viguesa Antía Cal, quen está considerada como a precursora da escola do século XXI en Galicia tras revolucionar a docencia nos anos 60, faleceu en Meira, Moaña, aos seus 98 anos de idade.

Creou en 1961 o Rosalía de Castro, un colexio "revolucionario": laico, mixto, igualitario e con ensino en inglés, galego e castelán. Antía Cal naceu na Habana o 18 de abril en 1923, froito da emigración cubana, e chegou a Galicia con nove anos de idade para fincarse na cidade olívica e

estudar Comercio, seguindo a vontade do seu pai.

Ao finalizar a Guerra Civil, Cal tamén cursou Maxisterio para continuar despois con Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, especializándose en Xeografía e Pedagogía. Anos máis tarde, foi un 14 de setembro de 1961 cando Antía Cal abría na rúa Pizarro as portas dun colexio que non só foi pioneiro en Vigo e en Galicia pola súa innovadora concepción pedagóxica (escola laica, mixta, igualitaria e aberta), senón polo seu carácter bilingüe

e trilingüe na práctica.

O Rosalía foi en Galicia un foco de irradiación progresista das novas tendencias pedagóxicas, xa que por primeira vez, e en pleno franquismo, as linguas vehiculares que se adoptaban nun colexio galego eran o castelán e o inglés, xunto co galego, que estivo presente de forma viva fose das clases desde o principio pero non de modo oficial porque entón non era posible. Entre os principios de Antía Cal destacaba a defensa da escolarización dos nenos e nenas de 0



a 10 anos e resaltaba a importancia de que a nai fose a pri-

meira mestra.

Tomado de Faro de Vigo.

Presentouse na Guarda o libro "Palmeiras, piueiros" de Anxo Angueira

O sábado 26 de marzo a Praza de Avelino Vicente da Guarda foi o escenario para un evento literario/musical no cal Anxo Angueira e Xoaquín Cadilla mantivo unha conversa sobre o libro "Palmeiras, piueiros". Este libro xa fora presentado previamente en concellos limítrofes e en diferentes lugares da xeografía galega e do norte de Portugal.

En palabras de Xoaquín Cadilla, Presidente da Asociación Piueiro, "é unha honra ver como se tenta manter no noso léxico, na nosa literatura e na nosa fala, unha palabra como piueiro, que pouco a pouco se vai recuperando grazas a o traballo de persoas comprometidas como é o caso de Anxo



Angueira".

O acto contou cun acompañamento musical a cargo de Secho, que amenizou o coloquio no que Xoaquín e Anxo conversarán sobre poesía, sobre un

libro que fai regresar ao autor á poesía e no que os seus poemas falan do seu lugar natal, da historia cultural da Galicia contemporánea, das súas emocións e dos praceres que produce a escritura. Para pechar contou-se ca actuación da gaiteira local Nadia Vázquez.


Anxo Angueira, nado en Manselle, Dodro, no ano 1961, deixou a súa pegada persoal na poesía galega dende a publicación do seu libro "Val de Ramirás" no ano 1989, seguiron a esta, outras publicacións coma "O valo de Manselle", "Libro da Vertixe" ou "Fora do Sagrado", entre outras.

Anxo Angueira foi membro fundador das Redes Escarlatas e desde xuño de 2012 preside a Fundación Rosalía de Castro.

"Aldea Buxán", novo libro de Francisco Álvarez, 'Koki'

O escritor e animador cultural Francisco Álvarez Koki (A Guarda, 1957), residente en Nova York, acaba de publicar o seu último libro "Aldea Buxán", escrito por un emigrante que recorda o eido orixinario e a el retorna coa memoria cada pouco, coa lingua galega e Galicia como vector principal de conexión.


'Koki' fundou en Nova York o colectivo 'Celso Emilio Ferreiro' para espallar a cultura galega. En lingua galega ten publicado, entre outros, o poemario "A memoria das palabras", a novela "Ratas en Manhattan" e os libros infantís "Un neno na emigración" e "Vasoiras Barreiro". Ten tamén obra publicada en lingua castelá e participa habitualmente en



libros colectivos sobre a relación dos autores españois cos EEUU.

FUCO PRADO





GADIS

#EnConfianza

OPINIÓN

Por Xoán Carlos Caballero Alonso

Como os Estados Unidos crearon a Vladimir Putin

Recordo hai anos, sendo neno, cando na casa a TV aínda era en branco e negro, practicamente toda a información que nos chegaba era a través deste medio, ao cal poucos se atrevían a contradicir.

- Que si home que si, que o dixeron a noite na televisión!

- Pois bueno, a verdade que si o dixeron na tele non lle vamos a dar máis voltas. Que interese van a ter os da tele en contarnos unha trola?

A rede, hoxe en día, sen dúbida o medio máis recorrido para informarse, é como un mar revolto no que me adoito mergullar cunhas boas gafas antibafo máis cun arpón calibrado, para apuntar ben e coller os peixes axeitados. Deste xeito nótrome e sacio de forma equilibrada a fame informativa.

Considérome un discípulo de Manuel Luque, director xeral da compañía de limpeza Camp, cuxo lema era: "Busquen, comparen y si encuentran algo mejor cómpralo" Daquela internet non existía pero o Sr. Luque xa nos convidaba a buscar e a seleccionar.

Últimamente cando viaxo no coche, adícome a escoitar conferencias tanto en inglés como en francés. Deste xeito melloro

a comprensión oral das linguas e teño un punto de vista diferente sobre temas de máxima actualidade. Procuo escoller a persoas de prestixio internacional que nos aportan a súa forma de ver as cousas e que dista moito da información que se nos ofrecen nos medios convencionais.

Agora mesmo estou escoitando unha conferencia que deu Vladimir Pozner, xornalista ruso-americano, na Universidade de Yalta no 2018. Explica Pozner, sen xustificalo en ningún momento, cales foron as decisións políticas erróneas, por parte dos Estados Unidos, que levaron a Putin a ser como é agora. Folga dicir que información deste tipo non a obterás nos telediaros das diferentes cadeas televisivas.

Como a conferencia é moi longa tratarei de sintetizala ao máximo posible, citando ao propio Pozner, escollendo os comentarios que, ao meu parecer, deberíamos valorar para ter unha opinión máis formada sobre este conflito.

O primeiro que destacaría é cando Pozner invítanos a "que busquemos unha soa cousa que fixo Rusia do 95 ao 2007, xa con Putin gobernando, que molestara aos EEUU. "Ningunha" responde. "A cambio Rusia tivo que soportar a expansión da OTAN a Polonia, Checoslovaquia e Hungría"


Noutro momento da conferencia, explica que cando Putin chega ao poder o primeiro que fixo foi solicitar a entrada de Rusia na OTAN para protexer ao mundo de calquer tipo de agresión. Basicamente di Pozner, mandárono ao carallo. Pouco despois, solicitou formar parte da Unión Europea, nesta

ningún impedimento a que despregasen as súas tropas nas fronteiras con Rusia, e así loitar xuntos contra o terrorismo. A cambio non recibiron nada, unha vez máis.

Máis adiante citou a intervención de Putin en Munich no 2007 diante do G20. Putin dixo o seguinte: "Que a expansión da OTAN non tiña nada que ver coa seguridade de Europa e o que se estaba a facer era unha clara provocación que reduce o nivel de confianza mutua". Putin preguntouse: "contra quen se dirixe esa expansión cando lle prometeran que baixo ningún concepto a OTAN se extendería máis alá de Alemaña". Rematou dicindo: "que o maior erro de Rusia foi ter confiado demasiado nos Estados Unidos e que estes aproveitáronse desa situación"

Xa na miña opinión, creo que non deberíamos simplificar o que está a suceder coma un conflito entre bos e malos. Pregúntome como se puido chegar ata aquí, e a resposta haberá que buscala analizando todo o que sucedeu previamente para estar no punto no que estamos. Ou Putin, ata o de agora, recibido cos máximos honores en occidente e considerado un home de paz, volveuse tolo de repente?

Como diría Ana Pastor: "Estos son los datos tuyos son las conclusiones"



ocasión a resposta foi que non podía ser porque o país era moi grande. Este tipo de actitudes, son tomadas tanto por Putin como pola maioría da pobo ruso como un insulto e unha falta de respecto.

Xa mediado o relatorio, comenta como nada máis producirse o ataque as torres xemelgas, chamou a Bush e ofreceulle a súa axuda para actuar en Afganistán, cousa que fixeron. Díxolle tamén que non poñerían



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiráldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

O PORRIÑO

Mos honra á súa subcampeona de Europa de Campo a Través

Alcaldesa, Nidia Arévalo, recibiu a Soledad Castro Soliño, subcampeona de Europa de Campo a Través, moense da parroquia de Dornelas e que ven de disputar este campionato na cidade de Braga.

Castro Soliño obtivo Medalla do Concello de Mos e conta cun pavillón deportivo municipal na súa honra, o de Pena de Francia que leva o seu nome. Soledad Castro Soliño, medalla de prata no Europeo de Cross en Categoría W55, fixo un tempo de 28:02. No Europeo de Campo a Través W55 logrou o 2º posto na cate-



goría Master de maiores de 55, a tan só 1 segundo da gañadora: a británica Susana Ridley. Nesta competición, que se disputou

en Braga o domingo 20 de febreiro, España logrou o ouro por equipos, con Castro formando parte do equipo español.

A Xunta axudará ás empresas afectadas no incendio en Mos

O vicepresidente económico e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, visitou o polígono do Rebullón en Mos para trasladar todo o apoio da Xunta ás seis empresas afectadas polo incendio do 27 de marzo. Son empresas do sector do transporte e a loxística, o comercio e distribución téxtil e de servizos nas que se estima que traballan preto de 200 persoas.

Conde anunciou que constituíuse un grupo de traballo entre a Xunta, a Asociación de Empresarios de Mos, o Concello



de Mos e as empresas afectadas para ir "identificando e salvando"

cada unha das necesidades que se lles presenten.

Doazón de alimentos dos empresarios da Granxa no Porriño

O alcalde do Porriño, Alejandro Lorenzo, e o concelleiro de Servizos Sociais, Abel Estévez, reuníronse co presidente da Entidade Urbanística de Conservación do Polígono de A Granxa, Indalecio Cuevas, e co seu xerente, David

Sobral, para agradecer a súa doazón e establecer vías de colaboración entre ambas entidades que repercutan na veciñanza.

Os empresarios da Granxa fixeron unha doazón de produtos ao banco de alimentos municipal SOS Porriño, amosando a súa

disposición a traballar da man do Concello para axudar ás persoas que o necesitan.

En concreto son 220 kg de pasta e 900 l de leite que se distribuirán entre as familias usuarias do servizo municipal de reparto de alimentos.

Obras na Fonte de San Sebastián no Porriño



Deron comezo as obras de saneamento e acondicionamento da Fonte de San Sebastián, que permanece sen subministro tras detectarse contaminación na súa auga.

Os valores paramétricos que aparecían alterados nas analíticas correspondíanse con posibles fil-

tracións de fecais (bacterias coliformes e microorganismos aerobios 22º), polo que foi preciso proxectar a canalización do caudal no tramo ata o grifo para impedir filtracións contaminantes e garantir a súa potabilidade, a través dunha tubería de PVC de 75 x 10 atm.

A CTAG impulsa o I+D+i do Porriño



No marco da súas visitas aos polígonos industriais do Concello, o alcalde porriñés Alejandro Lorenzo estivo no Centro Tecnolóxico de Automoción de Galicia (CTAG) para coñecer a fondo a situación actual da actividade empresarial e de I+D+i do Porriño, co obxectivo de establecer posibles vías de colaboración en materia de emprego e formación, entre outras.

Con máis de 900 empregados,

o 80% deles titulados superiores, o CTAG sitúase á vangarda da investigación e da innovación, con máis de 50 proxectos colaborativos en marcha. Os representantes municipais coñeceron tamén en profundidade un dos seus proxectos máis recentes, o shuttle (lanzadeira), un vehículo de aspecto futurista que abre a porta ao transporte de pasaxeiros eléctrico, intelixente, autónomo e sostible.

Día da Síndrome de Down en Mos

A concellería de Participación Cidadá do Concello de Mos organizou, dentro do programa municipal 'Ocio en Familia' o Día Internacional da Síndrome de Down os días 20 e 21

de marzo, coa proxección do filme 'Valentina', orientada a público familiar e nenos entre 3 e 7 anos. Este filme vén de recibir o premio Goya á Mellor Longametraxe de Animación.

LOURINHA

O PP asegura que o goberno "segue a deixar centos de facturas sen pagar"

O Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas, ven de facer públicas unhas declaracións respecto do REC e da aprobación inicial do Orzamento para este ano 2022 que se deu no pleno extraordinario, na que consideraban que o Concello "deixa centos e centos de facturas sen pagar, non planifican as inversións, gastan sen ter a partida económica para facerlle fronte o pago dos traballos, non fan un procedemento de contratación na maioría dos casos, adxudican a "dedo" (según se interpreta do informe de intervención) e pagan facturas sen ter en conta a relación de orde de entrada".

Por todo elo veñen de manifestar que: "a señora Alcaldesa volve a fallar noutro compromiso os salcedenses, xa que non é quen de controlar o seu goberno o cal tendría que liderar. Vese claramente como cada parte do goberno vai o seu, sen importarlle o ben común, que é o que deberían estar".

Tamén indican que "Os dous REC, suman 1.731.000 € de facturas sen pagar no ano 21, 1290 facturas que teñen que esperar a que o bipartito acorde imputalas o exercicio seguinte, deixando a deber a dúcias de provedores".

Para os populares "o orzamento de 2022 de 5.460.000€ que se aprobou inicialmente,

xa so lle quedan 3.729.000 €, un 31,4% xa o gastaron no ano 21 e que agora hai que pagar no 22 con cargo o deste ano.

Din ademais que "os salcedenses seguen a sufrir a política recaudatoria e de suba de impostos do goberno das señoras Tourón e Castiñeira. Pagaremos un 44% máis polo recibo do IBI do ano 2018. Prevén ingresar 440.000€ enriba do xa pagado no seu día polos veciños por esta anualidade da urbana". "No capítulo de inversión, non existe para o ano 22 con fondos propios. Non destinan nada a unha nova obra máis alá da de todos os anos do Plan Marco da Xunta de Galicia." explican.

Movemento Salceda critica a "demagogia" do PP

Loli Castiñeira, voceira de Movemento Salceda (MS) respondeu ao PP de Salceda pedindo que deixe "a demagogia" e rétao a explicar cómo se poden atender as demandas e peticións da veciñanza sen utilizar os recursos do Concello.

O PP de Salceda critica que se paguen traballos feitos en 2021, "algo lícito e legal" segundo comentou Castiñeira, toda vez pide maior orzamento para determinadas materias nas que non sempre existen fondos.

Castiñeira lembrou así mesmo que o goberno de Salceda non é



só a alcaldesa Verónica Tourón nin a tenente de alcalde Castiñeira senón un grupo de sete

persoas que desenvolven as súas tarefas de xeito coordinado: "Xa lle gustaría ao PP de Salceda que cada quen fora polo seu lado", dixo a voceira de MS.

A MS gustaríalle un presuposto máis ambicioso, pero este ano non foi posible pola falta de compromiso da Xunta do PP, cousa que si ten a Deputación.

A voceira de MS quixo recoñecer o traballo impecable da concelleira de facenda, Lucía Pereira, e pediulle a Santiago Rodríguez que "se tranquilice, que aínda falta máis dun ano para as eleccións."

Concurso de filloas salgadas e doces



O Concello de Salceda entregou os Premios do Concurso de filloas salgadas e doces da campaña #ConSalceda organizado polo Concello en colaboración con ACISA e as pradeiras e pradeiros da Praza de Abastos.

Os premiados foron na categoría de Filloa Doce: 1º La Marujita; 2º O Recuncho e na categoría de Filloa Salgada: 1º Bodeguilla Z9; 2º Cafetería Altamira.

Tamén se realizou o sorteo entre as persoas participantes da cesta doada polos locais da Praza de Abastos, no que resultou agasallado Alberto Veiga, pradeiro vendedor de peixe na Praza de Abastos de Marín e decidiu participar no sorteo ao visitar Salceda coa súa familia para facer sendeirismo e gozar da nosa hostalería local. Alberto e a súa familia decidiron doar a cesta aos sevizos sociais de Salceda.

ANTOMS



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61

SALCEDA DE CASELAS

Salceda incorporou 15 persoas desempregadas

O equipo de goberno local deu a benvinda ás novas incorporacións de persoal contratadas ao abeiro da Liña 3 do Plan Concellos 2022-2023 da Deputación de Pontevedra.

O persoal contratado ocupará postos de traballo para facer fronte a diferentes tarefas en diferentes servizos que presta o concello como os de Medio Ambiente, Recadación, Orientación Laboral, Conserxería, Biblioteca e Mantemento de dependencias municipais.

A tipoloxía de postos de traballo que se ocuparán grazas a estas contratacións serán 6 persoas para os postos de peón de xestión de residuos, 2 persoas



para os postos de peón forestal, 2 persoas para os postos de conserxe/bedel, 2 persoas para os postos de auxiliar administrativo, 1 persoa para o posto de condutor/a de camión, 1 persoa para o posto de biblio-

tecario/a e 1 persoa para o posto de Técnico/a de Orientación Laboral.

As novas incorporacións terán un contrato de seis meses de duración a xornada completa.

Obras de restauración e mellora en Salceda

O Concello de Salceda de Caselas iniciou as obras de restauración e posta en valor do Peto de ánimas da Bugarina e da súa contorna, grazas a un financiamento da Deputación de Pontevedra, a través da liña de rehabilitación de patrimonio histórico por importe de 5.445,00€.

Tamén leváronse a cabo as obras de mellora do valado perimetral do recinto do pavillón municipal, que serven para garantir a seguridade do alumnado do CEP Altamira dentro das súas



instalacións así como do alumnado do CRA Raíña Aragonta no

seu traxecto diario de saída do colexio.

IX edición de "Corre x Salceda"

A IX edición da carreira popular "Corre por Salceda" realizarase o vindeiro 8 de maio, despois do obrigado parón provocado pola pandemia. Trátase dunha proba organizada pola Concellería de Deportes e as Escolas Deportivas Municipais, que conta coa colaboración da Deputación de Pontevedra.

A carreira, que foi presentada pola alcaldesa Verónica Tourón e Rubén González Coto, concelleiro de Deportes, se desenvolverá polo casco urbano e por algunhas das

sendas do municipio, e constará de Categoría absoluta (anos 2006 e anteriores) de 10 km e 5 km con saída conxunta as 10:30 horas; e resto de categorías (escolares e menores) con saída a partires das 12:15 horas.

A categoría absoluta de 10 km de distancia será, como en anteriores edicións, proba puntuable (ruta) para o Circuito Galego de Carreiras Populares 2021/2022. A entrega de premios realizarase na Praza do Concello a partir das 13:00 horas.

A Camelia, protagonista en Salceda



As XIII Xornadas da Camelia en Salceda celebráronse o 19 e 20 de marzo con 55 expositores chegados de toda a xeografía galega e do norte de Portugal, que amosarán centos de variedades desta flor ornamental de orixe oriental, que se estenderán ao longo de máis de 100 metros de exposición, ubicada no Auditorio Municipal. Na inauguración contamos coa actuación

do gaitero Xulio Lorenzo.

A Alcaldesa, Verónica Tourón salientou a importancia de retomar actividades socioculturais tan importantes e tradicionais para Salceda como as Xornadas da Camelia, despois de dous anos de pandemia, que contribúen á promoción e difusión da camelia como un símbolo representativo da natureza do noso concello, da nosa provincia e de Galicia en xeral.

Óptica mahen
mahen OPTICA
Ópticos desde 1939

Nº Reg. Comercio E-30-000036
PONTEAREAS
rúa san cecilio, 4

CONFITERIA
Regino
Especialidade en rosquillas e melindres

Nova gama de produtos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de framuesa
Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Rúa Reveriano Soutullo, Pontearreas 986 640 834

BAIXO MIÑO

TUI

Entrevista de Roberto Mansilla Blanco

Enrique Cabaleiro | Alcalde de Tui

"Coas Festas de San Telmo 2022 queremos recuperar a vida nas rúas de Tui"

Tui | Do 16 ao 25 de abril celebráranse as tradicionais Festas de San Telmo 2022 en Tui, buscando recuperar o seu ritmo tras dous anos de pandemia. O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, explicou a programación desta edición e as expectativas en torno a estas festas patronais así como doutras iniciativas que leva adiante o Concello.

Cal é a programación para esta edición 2022 das Festas patronais de San Telmo?

A programación é moi ampla, queremos recuperar a vida na rúa cunha oferta diversificada, tanto nos diversos segmentos de idade como nos espazos públicos, pois xunto ás tradicionais localizacións no Paseo da Corredoira e na rúa Compostela, este ano apostamos por ampliar o ámbito das festas á zona de Camfran para repartir aos asistentes os eventos festivos por todo o casco urbano, dinamizando as nosas rúas e os seus negocios.

Un momento importante da festa é o tradicional percorrido dos "xigantes" e dos "cabezudos". Neste etapa post-Covid, cumprírase con esta tradición?

A comparsa de xigantes e cabezudos percorrerá ás rúas tu-

denses na primeira xornada das festas, o sábado 16 de abril e no propio día de San Telmo, o 25 de abril, acompañada da música tradicional da nosa terra.

San Telmo é Patrón dos Navegantes, toda vez Tui conta ca Comandancia Naval do Miño. Haberá unha iniciativa propia destas Festas no marco do proxecto Río Miño Navegable?

O proxecto "Río Miño Navegable" é unha grande aposta do Concello de Tui e os seus socios neste proxecto europeo (Salvatera, Monção e Valença, xunto con Turismo de Galicia e Turismo Porto e Norte) Non obstante, transcende con moito o estreito espazo temporal destas xornadas festivas. Estará en funcionamento nos seus horarios habituais e todos os interesados poden reservar gratuitamente a súa praza a través da web: www.hemisferios.org

No marco da eurocidade con Valença, existe promoción desta Festa en Portugal?

As festas de San Telmo posúen unha acreditada súa en todo o Norte de Portugal e queremos sigan a resultar un atractivo para a visita dos minhotos a Tui. Traballamos conxuntamente, ao abeiro da Eurocidade, co municipio de Valença na promoción dos nosos

recursos turísticos, entre eles as festas de San Telmo declaradas de interese turístico galego, por exemplo recentemente coa nosa presenza na BTL da feira de turismo de Lisboa, compartindo un espazo promocional neste certame.

"As festas de San Telmo posúen unha acreditada súa en todo o Norte de Portugal"

A Festa ten tamén unha conexión histórica xacobeá, na que Tui é un referente polo paso do Camiño Portugués. Qué expectativas ten o Concello neste Xacobeo 21-22 co respecto ao turismo peregrino?

A recente certificación oficial por Goberno de Portugal do "Camiño Portugués da Costa" entre Porto e Valença abre novas oportunidades de crecemento para a chegada de peregrinos á nosa cidade. O Concello ven traballando nas redes sociais, na promoción e coñecemento, con iniciativas como o "Foro do Camiño Portugués", no mantemento da ruta e a súa sinalización, procurando a implicación de todos os axentes na xestión da ruta xacobeá en Tui mediante o funcionamento da Mesa do Camiño. Pero as prin-



cipais expectativas non son tanto de incrementar o número de peregrinos senón de incrementar a calidade e mesmo a excelencia dos servizos e a hospitalidade que ofrecemos aos peregrinos. **Noutra orde de ideas, Tui cobra cada vez máis protagonismo dentro da Red de Juderías en España. Que proxectos estanse levando a cabo neste sentido?**

A integración da Red de Juderías de España posibilita que a nosa cidade dera un salto substancial no ámbito patrimonial e turístico, participando nas actividades desta Red que comprende 21 municipios españois. A presenza en feiras como Fitur en Madrid, ou a BTL de Lisboa, ás viaxes de familiarización de xornalistas, blogueiros, axentes turísticos, a promoción da gastronomía sefardí, a edición da guía da xudería de Tui e de inmediato o libro "Cidades de Sefarad", exposicións e actividades, o proxecto pedagóxico "Benjamín de Sefarad", os proxectos para acceder aos fondos "Next Generation", o pro-

grama Rasgo para acreditar establecementos colaboradores da Red, etc, son algunhas das liñas de traballo da red e nas que Tui participa activamente

Finalmente, Tui amosa a súa solidariedade cos refuxiados ucráinos. Qué iniciativas está levando a cabo o Concello para a súa acollida?

O Concello de Tui, cos limitados medios que posúe, canaliza todo o labor de acollida aos refuxiados ucráinos coa creación dunha mesa de traballo local sobre este tema, na que participan as ONGs e asociacións do terceiro sector (Cruz Roja, SOS Tomiño, AIC - Voluntario San Vicente Paúl, asociación Vontade, Protección Civil, a coordinadora de "Diversidades-Acolle") xunto a entidades como a Residencia "Paz y Bien", a traballadora social do Centro de Saúde e as concellerías de ensino, formación e servizos sociais. De xeito coordinado, esta mesa de traballo analiza as necesidades dos refuxiados e as actuacións dos axentes implicados.

NL
Hnos. Nuñez Lorenzo S.L.
CORREDURÍA DE SEGUROS
Ovidio Carballo Patricio
Asesor Comercial
 Travesía Foxo, 4 - Bajo - 36700 TUI
 986 601 539 - 629 880 027
Ovidio@hnos-nunez.com
www.HnosNunezLorenzo.com

M&R
ESTILISTAS
 C/ Alcalde Casal Aboy, N°21 Bajo - TUI
zmyr.tui.estilistas@gmail.com
 ☎ 986 604 444 ☎ 682 800 754

BIAER
 Cafés & Botellas
 sabar para cada momento del día
 AVD. CONCORDIA 68-69 TUI

Semana Santa en Tui

As celebracións da Semana Santa volven a Tui entre o 3 e 17 de abril coa organización da Irmandade do Doce Nome de Xesús e Santa Casa da Misericordia, a Catedral e o Concello de Tui.

O Concello de Tui promove tamén outros recursos turísticos da cidade. Volverá abrir o Museo Diocesano, haberán visitas autoguiadas cos folletos informativos dispoñibles na Oficina de Turismo tanto no centro urbano coma no Parque Natural do Monte Aloia. Sen esquecer a nova oferta turística que brinda o proxecto Río Miño, Destino Navegable.

O programa abrirá o 3 de abril co tradicional pregón de Semana Santa para dar paso á visita aos monumentos cun percorrido polas distintas igrexas e capelas do conxunto histórico de Tui dende a Catedral, á igrexa das Clarisas, San Telmo, a capela da Residencia San Telmo, e as igrexas de San Domingos e San Bartolomeu, o sermón do Encontro o Venres Santo, a procesión dos Pasos, o Sermón do Desencravo, a procesión do Santo Enterro e da Nosa Señora da Soidade, só para mulleres, a Solemne Vixilia Pascual e a Misa Pascual na Catedral.

Juan Diego Ingelmo gaña, por segunda vez, o concurso do cartel das Festas de San Telmo

O concurso de carteis convocado polo Concello de Tui para a elección da imaxe anunciadora das festas patronais de San Telmo 2022 contou coa participación de 22 carteis, unha elevada cifra de participantes pola que a concelleira de Ensino e Cultura, Sonsoles Vicente Sola, amosa a súa satisfacción.

Tras a deliberación do xurado a proposta gañadora foi a presentada polo deseñador Juan Diego Ingelmo Benavente, de Burriana – Castellón. O xurado valorou a calidade técnica e

conceptual da proposta gañadora, o seu carácter orixinal e innovador, así coma o feito de recoller no deseño os valores e significado das festas, reflectindo o carácter festivo. A obra gañadora recibirá un premio de 700 euros.

Dende o 28 de marzo pode visitarse unha exposición na zona "Anexo" da Sala de Exposicións do Concello de Tui, na antiga Area Panorámica, na que poderá contemplarse as 22 propostas enviadas para participar neste certame. A mostra permanecerá aberta ata o 9 de abril.



TINTORERÍA Y LAVANDERÍA

Servicio a domicilio

Galicia

- Limpieza en seco
- Lavado
- Planchado
- Servicio industrial y de hogar

Alfombras - Moquetas
Ante, Napa y Piel
Limpiezas de trétilos
Reparaciones de alfombras

C/ Orense, 5 - TUI - Telf. 986 601 610

Cafe - Bar
SOEIRAS

Tel.: 986 601 796

Ponte Nova 10b - Guillearei 36700 - Tui (Pontevedra)

Taberna Tui

TAPAS CASEIRAS
XOVES PULPO
CON PULPEIRO
DO CARBALLIÑO

C/ Maristas, 26 - 666 181 967 - Tui

BAIXO MIÑO

Gala da Muller 2022 en Tui

O Concello de Tui rendeu este 26 de marzo, homenaxe a cinco mulleres tudenses. Será na Gala da Muller 2022 "Mulleres de onte, hoxe e mañá" celebrado no Teatro Municipal de Tui e presentada por Mónica Sueiro.

Nesta gala recoñeceuse a mulleres de distintas idades e profesións dando visibilidade deste xeito ao seu labor e contribución á sociedade. Serán Pilar Blanco, cociñeira do Restaurante El Molino de Tui; Chelo Domínguez,



directora xeral de GKN; Carmen Rodríguez Cerdeira, médica dermatóloga, Emilia Rosende poeta e unha quinta protagonista que será unha lembranza a dez mu-

lles destacadas na historia tudense, nun audiovisual co retrato delas realizado pola artista Gemma Marqués xunto a un breve resumo da súa vida.

Participación cidadá para axudar a Ucraína

O Concello de Tui habilitou na web municipal un formulario para que a veciñanza poida ofrecer a súa axuda á poboación ucraína, en particular vivenda, gratuíta ou en aluguer, labores de tradución, reforzo educativo, roupa, enxoval, libros, material escolar, produtos de hixiene

e no caso das empresas poden tamén ofrecer emprego.

O formulario pódese cubrir en liña na propia web ou tamén presentalo presencialmente no Centro Sociocomunitario, no Centro Municipal de Formación e Emprego, ou nos Servizos Sociais Comunitarios Municipais.

Aberto o prazo de solicitude de axudas á rehabilitación no ARI

O 31 de marzo, abriu o prazo de solicitude de axudas á rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da ARI, Área de Rehabilitación do Conxunto Histórico de Tui, correspondentes á fase 14ª. As bases reguladoras e a convocatoria pública destas axudas ven publicada no Boletín Oficial da Provincia do 30 de marzo. As solicitudes poden presentarse durante un período de 2 meses.

Poden beneficiarse desta con-

vocatoria as persoas propietarias de vivendas unifamiliares, de edificios de tipoloxía residencial de vivenda colectiva e das vivendas ubicadas nestes edificios, así como as comunidades de persoas propietarias, as agrupacións de persoas propietarias, as sociedades cooperativas, as persoas físicas arrendatarias dunha vivenda que asuman, en virtude dun acordo coa persoa arrendadora, o custo das actuacións de rehabilitación, a cambio do pagamento da renda.

Tui presente na asemblea xeral da Red de Juderías de España

Este 29 de marzo celebrouse de xeito telemático a 59ª Asemblea Xeral Ordinaria da Rede de Juderías. O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, participou na mesma ao igual que os representantes doutras cidades que conforman a rede, en concreto Ávila, Barcelona, Béjar, Cáceres, Córdoba, Estella-Lizarra, Xaén,

León, Lucena, Lorca, Monforte de Lemos, Sagunto, Tarazona, Toledo e Tudela. A Asemblea Xeral Ordinaria estivo presidida polo actual presidente da Asociación e alcalde de Lucena, Juan Pérez.

Na reunión aprobáronse as contas anuais de 2021, así como o proxecto de axudas estatais do Programa "Experiencias Turismo

España". Por outra parte, tendo en conta a intensificación da posición da Red de Juderías en Europa, participaron na Asemblea o director da Asociación Europea do Patrimonio Xudeu (AEPJ), Víctor Sorensen, e o vicepresidente da Rede de Xudarías de Portugal e presidente da Cámara Municipal de Castelo de Vide, Antonio Pita.

LA FLOR
floristas

Hortensia Rodríguez Martínez
607 60 19 32 - 986 60 19 34
info@floristerialaflortui.es
www.floresterialaflortui.es
Calvo Sotelo, 13 (Gal. Caracas) TUI

ALMACEN URBANO
Vinos

CASAL ABOY 21B-36700 TUI (PONTEVEDRA)
T. +34 986 184 837 - M. + 604 024 160
info@almacenurbanovinos.es
fwww.facebook.com/AlmacenUrbano

Desde 2011
TUI TÉ
ESPAÑA
TÉS
ESPECIAS
PLANTAS MEDICINALES
Paseo de la corredera
Calvo Sotelo, 6.
Tui

Telf: 986 604 569 whatsapp: 986 604 569

PARA SI QUERES

Avda. Portugal, 30
TUI - T. 637 358 465

LUNES DE SAN TELMO
DE 8:30 A 00:30
A TABERNA tui
Pulpo
á Feira
PULPEIROS
ARENTEIRO
do Carballiño
T. 986 634 184
TAMBIÉN PARA LLEVAR PARA CASA

Pinturas
Damián Domínguez

Pinturas ✓
Papel pintado ✓
Bellas artes ✓
Toco tipo de útiles ✓

986 18 43 07 / 647 193 899
info@pinturasdd.com C/ Maristas nº1 - Tui

Restauración do Lavadoiro de Laxes en Randufe

O alumnado do obradoiro "Revaloriza Tui 2021" dos módulos de canteira e carpintería rematou a primeira das obras incluídas no proxecto de restauración de elementos patrimoniais municipais, o lavadoiro de Laxes en Randufe, e está por rematar

tamén a restauración do lavadoiro de Souto.

O alcalde e a concelleira de Formación e Emprego, Ana Núñez, visitaron as obras realizadas. O obradoiro "Revaloriza Tui 2021" está financiado pola Xunta de Galicia e cofinanciado polo Concello de Tui.



IX edición da Eurocidade BTT en Tui

A IX Eurocidade BTT, proba ciclista de montaña non competitiva, celebrouse o 20 de marzo tras dous anos de parón debido á pandemia, reunindo a 1.160 afeccionados da BTT de Galicia e Portugal.

A Eurocidade BTT foi organizada pola Peña Ciclista Bicosos Rías Baixas, en colaboración coa Eurocidade Tui-Valença e a Federación Galega de Ciclismo, e sub-

vencionada polo programa operativo Interreg. Foron 43 quilómetros de proba curta, e 70 quilómetros de distancia máis longa, que levaron un percorrido de importante beleza paisaxística como o río Furnia, o monte Aloia, o Val Miñor, as illas Cíes, o Paseo Fluvial de Tui, a vella Ponte Internacional e o Monte Faro en Valença. A chegada foi fronte á Cámara de Valença na Fortaleza.

Campionato Galego de Patinaxe Grupos Show

O pavillón municipal Gustavo Rodríguez acolheu os días 26 e 27 de marzo o Campionato Galego de Patinaxe Grupos Show organizado polo Club de Patinaxe Artístico Ribex en colaboración co Concello de Tui e a Federación Galega de Patinaxe.

A proba presentouse na casa do concello por parte do alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, o concelleiro de Deportes de Tui, Rafael Estévez, o xefe do servizo



de Deportes da Xunta de Galicia en Pontevedra, Daniel Benavides, o presidente do comité de patinaxe artístico da Federación Galega de Patinaxe, Alberto Covelo, o presidente e adestrador do

CPA Ribex, Santiago Alonso, a secretaria e adestradora do CPA Ribex, Carolina Figueroa.

Entre competidores e adestradores, o evento contou coa participación de case 700 persoas.

Día da Muller en Tui

Con motivo do Día Internacional da Muller, o Concello celebrou catro actividades dentro do programa "Dereito a estar, dereito a chegar", a través da concellería de Igualdade e con actividades de balde.

Foron os casos da proxección do filme "Maria Solinha" de Ignacio Vilar; as charlas programadas

no ciclo "Xuntas Aprendemos" na UNED sobre "Introdución á igualdade de xénero"; o ciclo "Contos vellos novos finais" para público familiar dende os 4 anos; e por último o roteiro ilustrado teatralizado "Camiñando con elas", da man de María Chamadoira e que forma parte do proxecto "A Tui das Mulleres".

ACADEMIA Eis
ORDENADORES • CONSUMIBLES • REPARACIONES

Rúa Casal Aboi, 10 Baixo - 36.700 TUI
Telf: 986 600 272 - Móvil: 658 855 661
eis_academia@hotmail.com

LABORES DOMÉSTICAS **SERVICIO DE CANGUROS**

ASISTENCIA HOSPITALARIA **AYUDA A DOMICILIO**

TIENDA ORTOPEDIA **TERCERA EDAD**

ASESORIA SERVICIO DOMÉSTICO

TUI: 986 600 642 VIGO: 986 600 007
C/Maristas, 5-bj dcha C/ Via Norte, 56-bj

www.edadestui.com

NEUMÁTICOS FREIRIA

SERVICIO DE NEUMÁTICOS Y MECÁNICA

C/ Regueiro, 5 - AREAS (Frente a Gadis) - 36711 TUY
Tel.: 619263282 - www.confortauto.com

GOLOSO

Golosinas
Helados
Snacks
Refrescos
Tartas de Gominolas
Artículos de Regalo

Calle Díaz n 8 - TUI Telf: 886 135 477
661 53 56 75
facebook.com/golosetui

Somos Diferentes
Endulzate la vida

Especialistas en Dulces Suecos

LA GRAN MANZANA

Café & Heladería

GL3 MUEBLES

DESCANSO Y DECORACIÓN

C/ Orense, Nº4
36700 TUY - Pontevedra

Tlf: 986 603 054
Móvil: 639 838 672
E-mail: gl3muebles@gmail.com

BAIXO MIÑO

A GUARDA

As demandas do concello da Guarda, en relación a comunicación con Camiña, son escoitadas pola Xunta

Foron moitas as xestións e reclamacións que a partir do verán de 2021 se fixeron dende o concello da Guarda para conseguir que a Xunta de Galicia asumira as súas obrigas en relación a comunicación con Camiña e ao Camiño Portugués da Costa.

Por unha banda urxía a reparación do peirao do ferri para que o barco volviera a transportar pasaxeiros e vehículos e servira de nexo entre Caminha e A Guarda no itinerario do camiño da Costa. Esta reparación foise atrasando e mantén o barco parado en pleno ano Xacobeo.

Por outra banda tamén se urxía a Xunta para que mentres non estivera reparado o embarcadero se implantara con urxencia un sistema de transporte de pasaxeiros entre as dúas beiras do Miño.

Os concellos do Camiño Portugués da Costa tamén mostraron a súa queixa ao Xacobeo pola súa inacción diante do recoñecemento oficial por parte do goberno Portugués dun itinerario co mesmo nome que prexudicaba o Camiño Portugués da Costa oficial recoñecido na lei de Patrimonio Cultural de Galicia de 2016.

Estas queixas foron as que o alcalde da Guarda, Antonio Lomba, co apoio expreso da restauración e do sector do aloxamento turístico da localidade, ademais dos alcaldes e alcaidesas do Camiño da Costa, levou aos distintos foros e responsables institucionais: Consellería de Turismo, Axencia



Galega de Turismo, Xacobeo, Portos de Galicia, Mesa do Camiño da Deputación de Pontevedra e Parlamento de Galicia.

O resultado de todo o traballo realizado culminou o pasado venres 25 de marzo co anuncio da Xunta de Galicia que viña a atender as demandas feitas dende o concello da Guarda. A Xunta anunciou un investimento de 157.000 € por parte de Turismo de Galicia nun proxecto de transporte turístico sostible que será prestado por AGAN (Asociación Galega de Actividades Náuticas). A súa vez o Delegado Territorial, Luís Lopez, anunciou tamén o comezo dos estudos técnicos para a reparación do peirao do ferri da Pasaxe por parte de portos de Galicia.

O novo servizo de transporte entre a Guarda e Caminha arranca, nunha primeira fase, a partir do 8 de abril con dúas embarcacións, unha eléctrica e outra a gasolina. A implantación definitiva do proxecto

producirase no mes de xullo cunha embarcación eléctrica para doce pasaxeiros. Este transporte funcionará en paralelo co ferri coa idea de cubrir os horarios nos que o transbordador non pode navegar.

Este servizo de transporte complementaráse cun proxecto de ecoturismo para a comarca do Baixo Miño que se está elaborando dende Turismo de Galicia e que contará coa participación de establecementos e axentes turísticos da comarca.

As continuas reclamacións do concello da Guarda, así como do resto dos concellos do camiño Portugués da Costa, conseguen que a Xunta poña en marcha as solucións demandadas. O PP Guardés, pretende, unha vez máis, apropiarse dun traballo que non fixo. Roberto Carrero pretende sacar réditos políticos das actuacións da Xunta sin ter amosado ningunha preocupación por esta cuestión ata o día de saír na foto.

Aprobada moción do BNG sobre conexión A Guarda-Caminha

O pleno do Concello da Guarda aprobou por unanimidade na sesión celebrada no día de onte unha moción presentada polo BNG na que se demanda ao Goberno Central e a Xunta de Galiza un transporte eficaz e sostíbel para as dúas beiras do Miño que abra portas a Constitución da Eurocidade A Guarda- Caminha.

Anxo Baz, portavoz dos nacionalistas foi o encargado de defender a proposta e argumentou “o “ferry” que une A Guarda con Caminha fai anos que quedou obsoleto. Trátase dunha embarcación anticuada que precisa dun calado para navegar que o río non ten. Esta realidade condiciona uns horarios que veñen determinados polas mareas o que impide ter frecuencias regulares e estruturadas”.

Na súa intervención o nacionalista afirmou “Non podemos conformarnos cun ferry que xa non cumpre coas expectativas mínimas. Precisamos dun compromiso entre o goberno do Estado Español, o goberno Portugués e a Xunta de Galiza para dotarnos dun transporte eficaz e sostíbel para as dúas beiras do Miño que abra portas a Constitución da Eurocidade A Guarda- Caminha e rematou dicindo que a presión social exercida pola cidadanía guardesa comeza a amosar os seus primeiros froitos”.



O Consello Climático organiza unha Xincana na Guarda o 9 de abril

A proba consiste na realización dun percorrido polo centro urbano de A Guarda con diferentes paradas para realizar retos e probas cos que os participantes obterán unha puntuación e unha pista para unha proba final.

A participación está recomendada para maiores de 12 anos polos coñecementos e habilidades necesarias para superar as probas. Existen dúas categorías: xeral (grupos de máximo 3 persoas maiores de 12 anos) e familiar (familias de ata 5 mem-

bro nos que pode haber menores de 12 anos).

Como mínimo unha persoa de cada equipo participante deberá inscribirse no seguinte formulario e ler as bases de participación da actividade.

Os participantes deben acudir con roupa e calzado cómodos para poder realizar os desprazamentos a pé. Non se permite o uso de patinetes, bicicletas nin ningún outro tipo de vehículos para a realización da proba.

Entregaráselle a cada equipo un mapa cos puntos aos que te-

ñen que acudir para superar as diferentes probas. Pódense empregar móbiles e outros dispositivos para os desprazamentos. En cada proba, a persoa encargada da explicación e realización da mesma indicará aos participantes as normas para levala a cabo e o material que poden empregar.

A proba ten unha duración máxima de 2 horas e 30 minutos.

Para calquera dúbida contactar con informacion@aguarda.es.

Inscripcións en: <https://bit.ly/xincanaAGuarda>

Socialistas tomiñenses elixen nova directiva



A Agrupación Socialista de Tomiño celebrou súa Asemblea Xeral Extraordinaria para elixir á nova Comisión Executiva Local, na que estivo presente Fini Silva, secretaria da militancia do Comité do PSdeG-PSOE de Pontevedra.

A nova Dirección, integrada por oito membros, foi aprobada por aclamación e seguirá liderada por Violeta de Santiago Moure. A número dous será Mirta Isabel Misa Misa, que asume as responsabilidades de Organización do Partido, Educación e Igualdade.

Arranca o plan de formación impulsado por Orpagu e o Concello da Guarda

O alcalde da Guarda, Antonio Lomba e a concelleira de Formación, Fátima Rodríguez, deron a benvida na sede de Orpagu xunto coa súa xerente, Juana Parada e profesorado, ao primeiro grupo de alumnos que participarán na formación dun plan que refrenda o compromiso da Organización de Palangreros Guardeses coa súa localidade, promovendo a formación específica necesaria para xerar emprego estable e de calidade.

Os participantes nestes cursos de formación gratuítos entrarán a formar parte dunha bolsa de traballo, da que Orpagu nutrirase para conformar a plantilla da

planta frigorífica que está construíndo en Tui. A planta estará plenamente operativa en 2022 e creará ao redor de 30 postos de traballo. Ademais esta formación permitirá acceder a empregos noutras empresas do sector, cuxa demanda de traballadores ten aumentado nos últimos anos.

Fieis ao compromiso social, a Organización de Palangreros Guardeses impulsou sete cursos dentro dun plan de formación específico aberto a todas e todos os guardeses para o que conta coa colaboración económica do Concello da Guarda, que empregará o Plan Concellos da Deputación para financiar este proxecto coa cantidade de 6.000 euros.

Os cursos de "Almacenaxe en frío", "Manipulador de alimentos e APPCC", "Carretilleiro", "Prevención de riscos en cámaras frigoríficas", "Seguridade Alimentaria e alérxenos", "Limpeza e Desinfección" e "Boas prácticas de manipulación" desenrolaranse entre as 9:00 e as 14:00 horas e terán lugar, en diferentes datas, entre o 30 de marzo e o 20 de xuño. Todos os cursos serán impartidos na sede da Organización de Palangreros de A Guarda (Manuel Álvarez, 16 baixo), a excepción do curso de carretilleiro, que impartirase en formato online a parte teórica e nas instalacións de Herrajes Martínez, a parte práctica.

Aprobada moción sobre o G.E.S. no Porto do Molle

O pleno da Mancomunidade de Concellos do Val Miñor, celebrado o pasado 16 de marzo, aprobou por unanimidade unha iniciativa do BNG Val Miñor que solicitaba que se inicien os pertinentes contactos e xestións para a construción

dunha sede axeitada para o G.E.S. Val Miñor no parque empresarial de Porto do Molle.

A iniciativa foi complementada coa inclusión do servizo de Protección Civil e unha iniciativa para mellorar o servizo de emerxencias vía concurso de oposición.

O filme "A Herdanza", no auditorio de Goián

O filme "A HERDANZA", última película do Grupo San Roquiño de Goián, foi exhibido no auditorio o 19 e 20 de marzo.

Unha longametraxe con moito humor, cuxo argumento xira ao

redor de tres irmáns cunha inmensa fortuna pero sen descendencia a quen deixala. Os veciños e veciñas tentan axudalos a resolver o problema. A exhibición tivo alfombra vermella e 40 personaxes en escena que chegaron en varios tractores.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIÓNES
TODO TIPO DE XESTIÓN COAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03

PONTEVEDRA

Startup Congress Galicia na Zona Franca

Ao redor de dous mil persoas rexistradas, máis de 500 de forma presencial e o resto en liña, avalaron o éxito da edición postpandemia do Startup Congress Galicia, celebrada na sede de Zona Franca de Vigo, sendo o maior evento de investimento en Galicia.

O delegado do Estado, David Regades; o alcalde de Vigo, Abel Caballero, e os co-organizadores, Lalo García e Frankie Gómez, abriron un congreso repleto de innovación, novos proxectos, networking, startups, emprendemento, investidores de toda España e moita actividade.

As actividades comezaron o 31 de marzo con varias mesas onde se vai a analizar o futuro da industria, do retail, do deporte, a innovación, a banca, a saúde, a loxística e a enerxía. Estiveron presentes empresas como Estrela



Galicia, Zelnova Zeltia, Selmark, Abanca, Altia, Marsan, Kaleido ou Reganosa, así como os clubs Celta, Obradoiro e Deportivo. Tamén realizáronse masterclass con emprendedores de éxito como

Hugo Arévalo, JobTalent e The-powerMBA. Tamén participaron as aceleradoras Viagalicia, BFAero, BFAuto, Celta Labs, Abanca Innova, BFFood, High Tech Auto e Connector Startp Accelerator.

80.000€ para a edición en galego

A Deputación de Pontevedra vén de aprobar as bases reguladoras das axudas para a edición de libros e audiovisuais en lingua galega, así como formatos especiais, que se editen neste ano 2022.

A responsable do departamento de Patrimonio Documental e Bibliográfico e tamén deputada de Lingua María Ortega explicou

que a convocatoria deste ano inclúe dúas novidades importantes con respecto a edicións anteriores: o aumento da partida ata os 80.000 euros e a circunscrición das axudas a entidades sen ánimo de lucro. O importe máximo da subvención para cada edición non poderá exceder o 70 % do orzamento total.

Libro sobre o foro "As Mulleres que opinan son perigosas"

As mulleres que opinan son perigosas. Catro anos e unha pandemia" é o título do libro co que as xornalistas Diana López Varela e Susana Pedreira botan a vista atrás ao nacemento do foro que con ese nome promoven en Pontevedra desde o 2018.

O libro foi presentado o 29 de marzo no Pazo Provincial

coas quince charlas desa primeira edición en crónicas xornalísticas e reflexiona coas súas protagonistas sobre o eco deste evento. A obra conta tamén con códigos QR antes da crónica de cada un dos relatorios que redirixen ás persoas aos vídeos de YouTube destas charlas, que suman máis de 12.000 visualizacións.

Presentación do Trail Orixes de Mondariz

O Pazo Provincial da Deputación acolleu a presentación do IV Trail Orixes de Mondariz, unha proba deportiva que o 21 de maio trasladará ás e aos participantes aos "orixes da vida" ao transcorrer por paraxes únicas nas que poderán desfrutar dun percorrido que pasará por muíños, mámoas ou petróglifos.

Ao acto acudiu o alcalde de Mondariz, Xosé Emilio Barros, para quen o Trail Orixes é "un escaparate moi importante que dá a coñecer o territorio de Mondariz, que ten



uns recursos naturais e paisaxísticos que queremos que nos convertan

na referencia do turismo do interior nas Rías Baixas".

Día Mundial do Síndrome de Down na Deputación

O Pazo Provincial da Deputación tinguiuse de azul e amarelo dende as 19.00 horas do 21 de marzo, ata as 8.30 do día 22 para conmemorar o Día Mundial da Síndrome de Down, declarado así

pola ONU en novembro de 2021.

A combinación cromosómica específica de Down afecta en España a unhas 35.000 persoas, cunha incidencia a nivel mundial situada entre 1 de cada 1.000 recentemente nadas/os.

La Giralda
ESTÉTICA & PELUQUERÍA

Pasión por la Belleza

C/ Castañal, 14 bajo - 36860 Ponteareas
986 660 477 / 660 860 645
peluquerialagiralda@hotmail.com

ZAPATERÍA

Angeles Castro

Tel: 986 640 242
Rúa Esperanza, 23 - PONTEAREAS

Servicio integral a la construcción

DERIVADOS DEL CEMENTO

COVELO

986 644 036
www.covelo.cc
grupoluco@covelo.cc

Lara Meneses | Presidenta da xestora do PP de Tomiño

"Queremos construír un Tomiño para todos, en maiúsculas"

Tras ser nomeada como presidenta da xestora do Partido Popular (PP) de Tomiño o pasado 14 de marzo, Lara Meneses inicia unha nova etapa para esta formación política nun Concello do Baixo Miño que, desde 2007, ten ao

BNG no poder. Aos seus 25 anos, Meneses encarna a renovación xeracional dun PP tomiñés que mira con esperanzas as vindeiras citas electorais, especialmente os comicios municipais de 2023.

Gostaríanos comenzar falando un pouco de Vde. Breve referencia persoal.

Son Lara Meneses, teño 25 anos e son graduada en Filoloxía Francesa pola Universidade de Salamanca. Estiven un par de anos estudando no estranxeiro, París e Burdeos e despois fixen un máster de Traducción da Comunicación Internacional con Comercio Internacional e un título propio de Especialista en Traducción da Industria do Videoxogo pola Universidade de Vigo. Actualmente dedícome á traducción no sector da empresa privada e, recentemente á política, faceta que levo nas venas.

Acaba de ser nomeada como presidenta da nova xestora do PP Tomiño. Qué prioridades ten

"A prioridade é recuperar a confianza de todos os tomiñeses e tomiñesas"

en mente para esta nova etapa?

A prioridade é recuperar a confianza de todos os tomiñeses e tomiñesas demostrándolles, a base de moito traballo e dedicación, que esta nova xestora necesitaos e quere contar con eles. Tamén queremos facer un chamamento á xente nova, para que se sintan escoitados e parte deste proxecto tan ilusionante que estamos a comezar.

Con Vde. ao fronte do PP Tomiño, pódese falar dunha renovación 'a fondo' do PP a nivel comarcal?

Os cambios sempre gardan cou-

sas positivas, pero non queremos deixar de contar coa xente que estivo sempre ahí. Pensamos que era necesario unha renovación, un ar fresco, cando algo non funciona hai que sentarse a ver qué falla, e buscar solucións. A solución non é deixar a ninguén de lado, cantos mais mellor, a cousa é sumar e remar todos cara a mesma meta. A renovación é palpable, contamos xa cun gran equipo! Pero aínda queda moito que mostrar.

O BNG goberna no Concello desde 2007. Hai posibilidades de cambio para 2023?

O PP tamén levaba 24 anos, e daquela, en Tomiño, practicamente ninguén votaba ó BNG. E dun día para o outro cambiou o conto, claro está que por unha suma de factores que propiciaron a súa



"O PP tamén levaba 24 anos, e daquela, en Tomiño, practicamente ninguén votaba ó BNG"

chegada ao poder en coalición. Con isto quero dicir que nada é imposible. De tódolos xeitos, é mellor ser precavido e prudente que aventurado, todo ó seu tempo. Nós queremos traballar, traballar e traballar e logo xa a xente dirá. **A nivel comarcal, o PP só goberna en Oia. O Baixo Miño é unha asignatura pendente para o seu partido?**

Si o quere calificar de asignatura pendente, eu so lle podo contestar que en maio 2023 hai recuperacións.

Deixámoslle este espazo para que envíe unha mensaxe á veciñanza de Tomiño

Pídlles a oportunidade de que nos deixen demostrar. Que non se pechen ao que temos para aportar, que nos escoiten, e que valoren o traballo, as ganas e a ilusión que levamos neste novo proxecto. Pedímoslles que confíen porque queremos construír un Tomiño para todos, en maiúsculas, e non só para uns poucos.



O Porriño celebrou o 70 aniversario do Almanaque agrícola ZZ

Trátase da primeira publicación comercial en lingua galega e leva divulgándose de forma ininterrompida desde 1952

O Centro Cultural do Porriño foi escenario do acto de celebración organizado polo Foro Enrique Peinador en colaboración co Concello, a Xunta de Galicia e a multinacional farmacéutica Syngenta, que tomou o relevo do grupo Zeltia Agraria na produción do almanaque desde o 2001.

O Almanaque agrícola ZZ, publicado por primeira vez no ano 1952, foi a primeira publicación impresa deste tipo que se decidiu a usar a lingua galega, convertíndose na máis existosa no seu ámbito. Todos os galegos tiveron alguna vez un exemplar nas mans, e quizáis esta sexa a prin-



cipal forma de visualizar a súa celebridade. Unha fama que posibilitou que se publicara anualmente de maneira ininterrompida nada máis e nada menos que 70 anos.

Participaron no acto, enmarcado no Día da Galeguidade Empresarial, Alejandro Lorenzo, Alcalde do Porriño, Valentín García,

secretario xeral de Política Lingüística, Xosé González Martínez, presidente do Foro Enrique Peinador, Marisa Castro, representante de BIOGA (Cluster Tecnolóxico Empresarial das Ciencias da Vida); Carlos Varela, Membro do Foro Enrique Peinador, e Paulo Machado, representante de Syngenta.

Obradoiros de autocontrol cos presos de A Lama e Teixeiro



A Asociación Érguete, logo das complicacións derivadas da pandemia, recuperou unha das súas actividades estrela nas prisións de A Lama e Teixeiro: os talleres de autocontrol a través do movemento.

Esta actividade enmárcase dentro do programa Auto-T da Asociación, financiado pola Fundación

Barrié e a Fundación Roviralta, os e as profesionais da entidade traballan coas persoas en 1º grao a xestión das súas emocións para axudalos a integrarse no día a día da prisión e, saír así, do réxime de maior illamento do sistema penitenciario, o que os presos chaman de maneira coloquial "a prisión dentro da prisión".






LA PARADA

GASOLINERA, CAFETERÍA Y SUPERMERCADO 24H

TELF. 986 484 444

A QUEIMADIÑA A-52 SALIDA 291